



Programación Docente de ORGANOLOXÍA

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA Organoloxía

ESPECIALIDADE	TODAS								ITINERARIO	TODOS
CARÁCTER	A) Formación Básica								TIPO DE CLASES	Colectiva
DEPARTAMENTO	MUSICOLOXÍA								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	JULIO ALONSO MONTEAGUDO
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase	30
ETCS/ CUADRIMESTRE				3					Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	JAVIER JURADO LUQUE				JAVIER@JAVIERJURADO.COM				venres 9-10	

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Fundamentos de acústica dos instrumentos. Estudo dos instrumentos musicais, a partir dos diferentes enfoques históricos, tanto antropolóxicos como técnicos ou científicos. Coñecemento das clasificacións dos instrumentos máis importantes, atendendo aos criterios dos/as principais tratadistas.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requiridos para a proba de acceso e coñecementos e habilidades obtidos nos cuadrimestres anteriores
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Historia da música. Análisis.
TRANSVERSAIS	T1, T2, T4, T8
XERAI	X9, X10, X12, X14, X20, X26
ESPECÍFICAS	EC6, EI4, EM3, EP11

3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer os principios elementais de acústica musical, o son e as súas propiedades, con especial atención aos referidos á obtención do son nos instrumentos, valorando este saber como un aspecto fundamental da formación musical e instrumental.	T8, X9, X20, X26, EC6.
Coñecer os diferentes campos de estudo da organoloxía e o que supoñen ante a investigación musical, relacionándooos cos propios da historia da música e os da súa propia especialidade, co fin de obter unha visión científica e humanística da música que sumar á artística xa coñecida.	T8, X9, X12, X14, X20, X26, EM3.
Considerar o instrumento dunha forma global, apreciando os diferentes enfoques históricos, antropolóxicos, etnográficos, técnicos, artísticos ou científicos, a través da escoita e visualización, para aumentar a consideración global sobre eles, máis aló da función de mero emisor de sons.	T2, T8, X9, X12, X14, X20, X26.
Coñecer os diferentes instrumentos e formacións instrumentais, así como a súa evolución ao longo dos diferentes períodos da historia, relacionándooos coa música e o estilo de cada época.	T1, T2, T8, X12, X14, X20, X26, EC6.
Buscar información relativa aos temas tratados, organizala e defender as súas opinións con argumentos coherentes.	T1, T2, T4, T8, X10.

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Fundamentos de acústica	1.1. Nocións de acústica. Fundamentos físicos. Campos da acústica. Ondas. Definición de son. Calidades do son. Os corpos vibrantes: frecuencia natural de vibración dun corpo. Resolución de problemas relativos aos contidos tratados. Valoración da importancia da acústica musical na evolución da consideración dos conceptos harmónicos (consonancia, disonancia...), os sistemas (temperamento igual, afinación...) e a composición musical. 1.2. Repercusión musical. Aplicación instrumental: cordas, tubos abertos e pechados, membranófonos e láminas. Fenómenos sonoros. O sistema de Pitágoras e a espiral de quintas. Os temperamentos. Sistemas de afinación e busca da frecuencia dunha nota. Introducción á acústica arquitectónica. Resolución de problemas relativos aos contidos tratados.	2
2. A organoloxía como ciencia	2.1. Definición. Fundamentos históricos. Clasificacións do instrumental; non occidentais (chinesa e hindú), diferentes concepcións occidentais (anteriores ao XIX, Mahillon, Sachs e Hombostel, Schaeffner...) Estudio dos instrumentos musicais, a partires dos diferentes enfoques históricos, tanto antropolóxicos (consideracións de tipo mitolóxico sobre a súa orixe, de tipo estético sobre a evolución da súa fisionomía, etc.) como técnicos ou científicos. Audición de sons instrumentais, con ou sen apoio visual (foto ou vídeo) dos instrumentos tratados, pertencentes a diferentes etnias e períodos. Manexo das táboas organolóxicas de Sachs e Hombostel. Busca de datos relativos empregando diferentes fontes (bibliografía, Internet, etc.) Valoración do instrumental como obxecto cultural e etnográfico.	2



3. Os instrumentos occidentais no tempo	3.1. Os instrumentos a través do tempo na música occidental. A evolución dos instrumentos (construción, técnica...) como motor da evolución musical. Visualización e/ou escoita de obras de diferentes zonas ou correntes histórico-estilísticas, interpretadas cos instrumentos correspondentes. Implicacións organolóxicas na recuperación estilística de diferentes músicas doutras época. Recoñecemento visual e auditivo de instrumentos. 3.2. Introducción á evolución das agrupacións na música occidental. Evolución das diferentes formacións de cámara e orquestrais ó longo da Historia en Occidente e relación co estilo. Audición e/ou visualización de obras con diferentes formacións e diferentes proporcións dentro de formacións. Audicións comparadas de obras de diferentes períodos da historia, ou de correntes histórico estilísticas, interpretadas cos instrumentos correspondentes á súa cronoloxía. Interese por investigar e analiza-los motivos da evolución dos instrumentos en función das correntes compositivas e do papel da música na sociedade.	11
Total de sesións por cuadrimestre		15

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Exposición maxistral. As sesións de clases estarán dedicadas, principalmente, ás explicacións teóricas, visualización de representacións iconográficas, ás lecturas e á organización do traballo semanal.	15		15
Introdutorias. Introducción xeral á materia. Organoloxía e etnomusicoloxía. Fontes iconográficas.	5		5
Exposición práctico-teórica. Durante estas sesión realizáranse diferentes audicións e proxeccións de imaxes, para recoñecelas e analízalas.	10		10
De avaliación. En forma de exames.	3		3
Estudio persoal: temario, audicións, análise de partituras, lecturas complementarias.		55	55
Tutorías. Individual, caso de ser preciso.	2		2
Total de horas por cuadrimestre			90

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
Observación diaria e cotiá.	Participar activamente nas actividades propostas na aula.	T, X	20%
Exame escrito.	Comentario de audicións, preguntas de síntese, test e desenvolvemento. Comentario de texto literario musical.	T, X, E	80%
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
Observación diaria e cotiá.	Participar activamente nas actividades propostas na aula.	T, X	20%
Exame escrito.	Comentario de audicións, preguntas de síntese, test e desenvolvemento. Comentario de texto literario musical.	T, X, E	80%
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
Exame escrito	Comentario de texto, audicións, preguntas de síntese, test e desenvolvemento. Comentario de texto literario musical.	T, X, E	100%
EXTRAORDINARIA			
Exame escrito	Comentario de texto, audicións, preguntas de síntese, test e desenvolvemento.	T, X, E	100%
ERASMUS			
Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.			
Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.			

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberánse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

Andrés, R., Pinto e J.M., Remnant, M. (2002): Historia de los instrumentos musicales, Barcelona: Ma non troppo.
 Scholes, P. (1984): Diccionario Oxford de la música (2ª ed.), Buenos Aires: Edhasa Hermes Sudamericana.
 Maersch, K. (1987): Atlas de los instrumentos musicales, Madrid: Alianza.
 Michels, U. (1982): Atlas de música, vol. I y II. Madrid: Alianza.



- Tranchefort, R. (2004): Los instrumentos musicales en el mundo, Madrid: Alianza.
- Bermudo, J. (1555): Declaración de instrumentos musicales. Osuna (Sevilla) (ed. facsímil de Editorial Maxtor, 2009).
- Bonanni, F. (1723): Gabinetto Armonico, Roma (ed. facsímil de la Old Book Factory).
- Cerone, P. (1613): El Mellopeo y el Maestro, vol. I y II, ed. a cargo de Antonio Esquero Esteban (2007), Barcelona: CSIC, Institución "Milá i Fontanals", Dpto. de Musicología.
- Praetorius, M. (1615-1619): Syntagma Musicum, vol. I-III, (ed. facsímil de Bärenreiter, 2001).
- Schaeffner, A. (1932): "D'une nouvelle classification méthodique des instruments de musique", Revue Musicale, vol. 10-11: 215-31.
- Schaeffner, A. (1994): Origine des instruments de musique. Introduction ethnologique à l'histoire de la musique instrumentale, Paris: L'ecole des hautes-études en sciences sociales.
- Virdung, S. (1511): Musica Getutsch. A Treatise on musical instruments, ed. a cargo de Beth Bullard, Londres (1993): Cambridge University Press.